

Retallos de mundo: Estocolmo invernal, esplendor entre neve e xeo

Poio

19 de abril de 2026

[Xesús Constela](#)

https://www.pontevedraviva.com/es/cultura/retallos-mundo-estocolmo-invernal-esplendor-neve-xeo_516389_102/5278120.html

Levantada sobre **catorce illas** conectadas por máis de cincuenta pontes, xusto no lugar onde o **lago Mälaren** se une ao mar **Báltico**, **Estocolmo** é unha cidade onde a auga está presente en cada recuncho.

Visiteina en pleno inverno, e en todo momento tiven a impresión de me atopar dentro dunha **fermosa postal en branco e prata** que amosaba rúas, tellados e parques cubertos dunha limpa capa de neve que parecía intentar amortecer todos os sons, mentres un frío intenso teimaba en me picar na cara e as **bafaradas de aire quente** que expulsaba acompañaban os meus pasos.

Cada inverno as canles e os recunchos todos do arquipélago conxélanse e forman capas de xeo que brillan baixo a **luz pálida do sol invernal**, e coa chegada do solpor, que acontece moi cedo, as fiestras empezan a se alumear con lámpadas cálidas que crean un ambiente acolledor, porque dende fóra pódense ver interiores cheos de luz que parece querer reinar sobre o branco xeadado.

Ao camiñar, sentía a **neve fresca** a estalar baixo as botas e tiña que ir con moito coidado de non caer nun xeo sobre o que cada día se bota grava miúda para que non esvare. A xente movíase moi abrigada, con gorras, bufandas e luvas, respectuoso todo o mundo cun acaído refrán sueco que di que "**non existe o frío, senón o mal abrigo.**"

A pesar do xélido ambiente que reinaba nos días que durou a miña visita, con temperaturas que oscilaban entre os **cinco e os dez graos baixo cero**, puiden percibir unha agradábel sensación de calma e beleza serena, como se a cidade respirase máis lentamente agachada embaixo da súa manta invernal.

Estocolmo é realmente fermoso, rodeado por un arquipélago de milleiros de illas espalladas polo **Báltico**, cara ao leste, e co enorme lago Mälaren, clave para o desenvolvemento da cidade

dende a Idade Media, cara ao oeste, unha xeografía que marca profundamente o carácter da capital, rodeada por unha mestura de **auga doce e salgada** e por unha natureza que lle confire un aire limpo e diáfano baixo un ceo que nos duros meses invernaís adoita estar completamente gris.

O frío tremendo, procedente do **Ártico** ou de **Siberia**, combinado coa pouca duración duns días moi curtos, de menos de seis horas, nos que o sol apenas roza o horizonte e non quenta nada, converten Estocolmo nunha cidade rodeada de superficies xeadas e correntes escuras entre placas de xeo que transforman a auga das canles nunha sorte de espello xélido ao tempo que o arquipélago enteiro semella un xigantesco mosaico branco salpicado de pequenas illas cubertas de neve a se asomar por riba dun mar conxelado, mentres que no **lago Mälaren** os barcos dos peiraos fican atrapados nunha superficie xeadada onde a única nota de movemento chega grazas á xente que vai ao lugar para patinar.

O esplendor da fermosísima **cidade de Estocolmo** en época invernal, a súa beleza elegante e contida, non se pode atopar, como é obvio, en terrazas, rúas e parques cheos de xente, nin tampouco nas súas canles ateigadas de embarcacións, senón na luz baixiña que fai que as fachadas de **Gamla Stan**, o seu barrio máis antigo, na illa central, chamen a atención en medio da neve, tal como puiden comprobar no vagaroso paseo que din polas súas rúas empedradas e tortuosas, trazadas entre o maxestoso **Kungliga Slottet**, un dos palacios reais máis grandes de Europa, a catedral de Storkyrkan, unha gran igrexa gótica cun interior que resultou ser un refuxio perfecto para combater o frío cun magnífico concerto do tenor **Carl Unander-Scaharin** e o pianista **Mattias Wager**, que interpretaron o fascinante *Winterreise*, o ciclo de cancións de Schubert que describen unha viaxe musical e invernal pola soidade e o desamor. Que momento tan inesquecible!

Moi preto da catedral visitei tamén a **praza de Stortorget**, a máis antiga da cidade, rodeada de edificios antigos de tons vermellos, amarelos e laranxas con fachadas estreitas e tellados inclinados, un lugar que foi testemuña do que se coñece como a **Matanza de Estocolmo**, a execución de arredor de cen nobres e relixiosos suecos no ano 1520 por orde do rei danés Cristián II, un feito que provocou unha revolta popular que levaría á independencia de Suecia. Hoxe en día, na mesma praza atópase o museo dedicado aos **Premios Nobel**, que cada ano se entregan no Konserthuset, a imponente sala de concertos situada no barrio de Norrmalm, no centro moderno da cidade.

Para poder ter unha boa vista de **Gamla Stan** e do **lago Mälaren** xeadado, subín aos miradoiros que hai nas pendentes do barrio de Södermalm, o máis bohemio de Estocolmo, cheo de tendas de artesanía, antigüidades e obxectos de segunda man, ademais de moitas cafetarías acolledoras que se enchen de xente cando chega o momento da **fika**, o intre para parar, sentar con calma e compartir café ou té acompañado dalgún doce, normalmente un *kanelbulle*, ou boliño de canela, mentres se conversa con amigos, coa familia ou cos compañeiros de traballo.

Entre a beleza inmensa da paisaxe invernal, o que máis chamou a miña atención dende eses **miradoiros de Södermalm** foi o enorme edificio de ladrillo vermello do Stadshuset, a Casa do Concello, inaugurada en 1928 a pé mesmo da auga xeadada do **lago Mälaren**, cun imponente campanario de cento seis metros de altura que domina a paisaxe toda, polo que decidín achegarme a visitalo para poder admirar o seu grandioso Salón Azul, que, curiosamente, ten ese nome malia non ser desa cor, e é o lugar onde cada ano se celebra o banquete de gala en honra dos galardoados cos **premios Nobel**, e tamén para percorrer e admirar outras estancias como o

maxestoso Salón Dourado, coas paredes recubertas por un inmenso mosaico de dezaioito millóns de teselas que ilustran momentos cruciais da historia de Suecia.

Noutro paseo achegueime á **illa de Djurgården**, que ten un aire completamente diferente das demais porque está chea de bosques e espazos abertos que no inverno están cubertos dunha densa capa de neve que transforma os camiños e os xardíns nun tapiz branco que parece interminábel.

Houbo dous edificios nesta illa que chamaron a miña atención, o **Nordiska Museet**, ou Museo Nórdico, que, malia ser do ano 1907, a min evocoume un antigo castelo renacentista polas súas torres e polos seus amplos salóns, que expoñen roupa, mobles, artesanía e outros obxectos cotiáns para amosar a riqueza e a diversidade da sociedade sueca dende o século XIX até hoxe; e o Vasamuseet, un museo que no seu imponente interior de sete andares de altura, acolle o Vasa, un enorme navío de guerra do século XVII que afundiou en pleno **porto de Estocolmo** o mesmo día da súa botadura, un 10 de agosto de 1628.

Tratábase dun buque espectacular mandado construír polo **rei Gustavo Adolfo o Grande**, que modernizou o exército sueco e transformou **Suecia** nunha potencia europea. Era un barco moi imponente e sofisticado para a súa época, construído con madeiras de piñeiro e de carballo, cun deseño moi ornamentado con figuras de leóns, deuses e elementos simbólicos pintados de cores vivas, e armado con máis de sesenta canóns repartidos en dúas cubertas que representaban o poder do reino de Suecia.

Pero houbo un erro de cálculo no momento do seu deseño que o levou á catástrofe o mesmo día da botadura, perante unha enorme multitude que acudira a presenciar a efeméride. O **Vasa** tiña o centro de gravidade demasiado alto, e, por capricho do **rei Gustavo**, moitos máis canóns dos que podía transportar nun casco tan estreito, e por iso falloulle a estabilidade.

Un inesperado golpe de vento provocou que o gran orgullo da monarquía sueca afundise na súa viaxe inaugural, e dende aquela estivese somerxido nas augas do porto de Estocolmo até que, nun auténtico despregue de enxeñaría, fose sacado a frote en **1961**, trescentos trinta e tres anos despois do seu trágico afundimento, para desde entón verse sometido a un proceso de restauración e conservación no que a madeira foi tratada con produtos especiais nun ambiente coidadosamente controlado para manter o navío en perfecto estado co obxectivo de converter a terríbel traxedia nun símbolo da enxeñaría e a historia naval de Suecia.

A visita ao Vasa deixoume sen palabras que me sirvan para describir a **maxestade do navío**. A súa imponente eslora, os canóns e as esculturas detalladas axudáronme a sentir a ambición de Gustavo Adolfo o Grande, e só de pensar que o barco exposto permaneceu baixo a auga máis de **trescentos anos** antes de ser recuperado non fixo máis que aumentar a miña fascinación ao poder admiralo dentro do museo.

Desde **Djurgården** fixen outro día unha viaxe nun barco crebaxeos polo arquipélago invernal, entre illas cubertas de branco, onde o silencio só se rompía co triscado do xeo baixo a proa e polas rachas de vento do Báltico, unha grata experiencia que fixo que a cidade se fose abrindo cara a un mundo de **paisaxes brancas** como nunca vira.

Ao longo de moitos outros paseos entre rúas nevadas e canles xeadas, Estocolmo amosouse perante min como a fermosa cidade que é, con barrios coma o de **Östermalm**, de avenidas anchas flanqueadas por edificios clásicos de finais do **século XIX** e principios do **XX**, con elegantes fachadas decoradas con pedra e ferraría, e co **mercado histórico de Saluhall**, un

edificio de finais do século XIX, famoso polos seus produtos frescos, e tamén polas pequenas cafeterías e restaurantes que acolle no seu interior.

Pero non podería dar por rematada a miña visita a este Estocolmo fermoso e invernal sen falar do **Tunnelbanan**, o flamante metro da cidade, coñecido como "o museo máis longo do mundo" logo de que na década dos 1950 a empresa convidara a varios artistas locais a crear obras nas súas instalacións, e abofé que resultan únicas e moi interesantes, como é o caso da **estación de Kungsträsgården**, escavada na rocha natural, coas paredes de pedra pintadas en tons azuis e con detalles que evocan o xeo e a auga, ou a de **T-Centralen**, un espazo amplo e luminoso decorado con motivos que lembran o ceo e a natureza combinados con esculturas e murais abstractos, ou a de Solna Centrum, con paredes de intensa cor vermella e murais e pinturas que representan escenas da vida urbana.

Un pracer pasear polo metro de Estocolmo, pensado para que resulte unha **experiencia grata** para os usuarios, porque dá unha máis que boa sensación de que todo nesa esplendorosa cidade está pensado para procurar o benestar dos seus habitantes, que xa bastante teñen con aturar uns tremendos fríos invernais que non conseguen que a súa vida se deteña.

[©Xesús Constela](#), 2026